



Seminario de investigación
**Novos ollares á
literatura do século XIX**



Programa

■ 10.30 horas

Antón Figueroa (Universidade de Santiago de Compostela)

A idea de campo social na análise da historia literaria galega

■ 12.30 horas

Álex Alonso (Brooklyn College, CUNY)

A invención do Rexurdimento: o relato nacional a través da memoria literaria

■ 16.30 horas

Kathleen March (University of Maine)

As literatas do XIX e a tinta invisíbel

■ 18.30 horas

Xurxo Martínez (Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades)

Prensa e Rexurdimento: propostas metodolóxicas a propósito de La Oliva



- **Antón Figueroa.** Publicou os libros *Diglosia e texto* (1988), *Lecturas alleas. Sobre das relacóns con outras literaturas* (1996), *Communication littéraire et culture en Galice*, en colaboración con Xoán González-Millán (1997), *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia* (2001) e *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (2010). Recentemente publicou “National Literature and the Literary Field”, en *Contemporary Galician Cultural Studies. Between the Local and the Global*, edited by Kirsty Hooper and Manuel Puga Moruxa (2011) e “Sobre Margot Sponer”, *A Trabe de Ouro* (2013).
- **Álex Alonso.** O seu ámbito de investigación son as literaturas peninsulares na época contemporánea. Especialista na historia intelectual do século XIX e no modernismo na literatura. No ámbito dos estudos galegos, dedicou traballos a Rosalía de Castro, a Blanco Amor no campo literario galego, ao libro segundo do *Sempre en Galiza* de Castelao, a Manuel Pardo de Andrade ou aos intelectuais galegos exiliados en Nova York.
- **Kathleen March.** Especialista en Rosalía de Castro, dedicoulle o volume *De musa a literata. El feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro* (1994). Publicou estudos sobre Manuel Antonio, Carvalho Calero, Marinhas del Valle, Luz Pozo, as viaxeiras anglosaxonas en Galicia, Xohana Torres ou Pilar Pallarés. Tradutora de Ramón Otero Pedrayo (*Circling*, 2007) e Claudio Rodríguez Fer (*Tender tigers*, 2012), organizou e traduciu *Festa da palabra. An Anthology of Contemporary Galician Women Poets* (1989) e *An Anthology of Galician Short Stories: Así vai o conto* (1991). Foi a primeira presidenta da AIEG.
- **Xurxo Martínez González.** Licenciado en Filoloxía Galega, está a preparar a súa tese de doutoramento sobre o xornal *La Oliva*. Dedicou traballos a Castelao, Ramón Villar Ponte, Fermín Penzol e diferentes aspectos do Rexurdimento. Publicou os volumes *Fuco Gómez* (2007) e *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (2011).



29 de outubro

Sala Carvalho Calero



- Dirixido a profesorado, persoal investigador e persoal investigador en formación.
- Certificarse a asistencia para o cómputo como horas de formación no doutoramento.

Organización:

Proxecto de investigación *Cronoloxía da literatura galega (1801-1900)*
(FFI2012-37891)

Grupo ILLA

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística
Facultade de Filoloxía
Universidade da Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"